

Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

REDONDELA

Subvencións e axudas

*BASES DAS AXUDAS AOS SECTORES MÁIS AFECTADOS POLA SITUACIÓN PANDÉMICA
DO CONCELLO DE REDONDELA NO ANO 2021*

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DIRIXIDAS AOS ESTABLECEMENTOS AFECTADOS POLA SITUACIÓN PANDÉMICA COMO CONSECUENCIA DOS EFECTOS DA COVID-19 DO CONCELLO DE REDONDELA.

Artigo 1.- Definición

O artigo 25 da Lei 7/85, de bases de réxime local, indica que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

En sentido similar se recolle o artigo 80 da Lei 5/97, de Administración Local de Galicia, que sinala, entre outras, competencias nas seguintes materias:

- Abastos, matadoiros, feiras, mercados e a defensa de usuarios e consumidores.
- A prestación dos servizos sociais e a promoción e reinserción sociais.
- Ocupación do tempo libre e o turismo.
- A participación na formación de activos e desempregados.

Pola súa banda o artigo 86 da Lei 5/97, de Administración Local de Galicia contempla a posibilidade do exercicio po parte do municipio de actividades complementarias das propias doutras Administracións Públicas e, en concreto, a de ocupación e loita contra o paro.

Estas bases teñen coma finalidade regular a convocatoria para a concesión de axudas para traballadores autónomos, microempresas e pequenas empresas cuxo domicilio fiscal e local comercial afecto a actividade, radique no termo municipal de Redondela e leven a cabo as actividades empresariais que motivan a concesión da subvención, nalgunha das actividades que tiveron que cesar ou viron mermada a súa actividade como consecuencia da ORDE de 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.



Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

Artigo 2.- Obxecto da subvención.

2.1. O obxecto destas axudas é paliar o impacto económico derivado da aplicación do disposto na ORDE de 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e as súas posteriores modificacións, así como as que se poidan ditar ata o remate do prazo de presentación de solicitudes ao abeiro das presentes bases.

2.2.- Esta axuda única de carácter económico está dirixida a traballadores autónomos, microempresas e pequenas empresas cuxo domicilio fiscal e local comercial afecto a actividade, radique no termo municipal de Redondela e leven a cabo as actividades empresariais que tiveron que cesar ou viron mermada a súa actividade como consecuencia da ORDE de 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en todo caso natureza de carácter urxente, debendo tramitarse á maior brevidade posible e destinándose unicamente a situacións extraordinarias para o mantemento da súa actividade comercial, sempre baixo a responsabilidade da persoa solicitante e a supervisión do persoal técnico dos Servizos de emprego.

2.3.— A presente convocatoria pretende a consecución dos seguintes obxectivos:

a) Paliar o impacto económico derivado da aplicación do disposto na ORDE de 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, no Concello de Redondela.

b) Preservar o tecido económico.

c) Protexer o interese xeral da poboación de Redondela, dando soporte ás persoas traballadoras autónomas, microempresas e pequenas empresas.

d) Lograr que, unha vez finalizada esta situación, se produza canto antes unha reactivación da economía local, actuando directamente sobre as persoas físicas e xurídicas mais afectadas e tratar de evitar, na medida do posible, situacións de risco ou exclusión social derivadas do peche da actividade comercial e empresaria coma competencia propia municipal (artigo 25.2.e da Lei 7/85).

e) Impulsar a actividade económica no termo municipal de Redondela, outorgando liquidez a este tipo de establecemento para contribuír o cumprimento das súas obrigas empresariais e o mantemento da actividade e o emprego e amortiguar, así mesmo, a redución drástica dos ingresos.

2.4.- O procedemento de concesión das axudas reguladas nestas bases, será o de concorrencia competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.



Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

Artigo 3.- Importe da subvención

O crédito global que se dispón para o outorgamento das subvencións a conceder será de 85.176,50€ con cargo á seguinte aplicación orzamentaria do orzamento vixente 4391A/4790000.

Dita asignación orzamentaria será xerada integramente unha vez se teña constancia da resolución da Deputación Provincial de Pontevedra pola cal se conceda a subvención que, a tal fin, será solicitada polo Concello de Redondela ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021, reparto adicional Liña 2.

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total dos gastos xustificadas nesta convocatoria. Se así fora, este feito daría lugar a unha modificación da resolución da concesión. Así mesmo, toda alteración das condicións para a concesión da subvención poderá dar lugar, no seu caso, á modificación do acordo de concesión.

Declárase a compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, salvo as subvencións concedidas polo Concello.

Artigo 4.- Beneficiarios

Poderán ser beneficiarias desta axuda as persoas físicas e xurídicas, así como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica legalmente constituídas que leven a cabo as actividades empresariais que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que se trate dunha actividade empresarial con peche forzoso ou que viu mermada a súa actividade como consecuencia da ORDE de 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Que a actividade sexa desenvolvida por unha persoa traballadora autónoma, unha microempresa ou pequena empresa e empresas de economía social.

Terán a consideración de persoas traballadores autónomas aqueles que tributen mediante o sistema de módulos ou ben os que tributando en estimación directa non superen un millón de euros de importe neto de cifra de negocio anual (cuadrícula 01 modelo 130 ou equivalente que acredita o importe anual).

Aos efectos destas bases, terán a consideración de:

.- microempresas ou pequenas empresas aquelas que ocupan ata 10 persoas e que non supere o millón de euros de importe neto da cifra de negocio (cuadrícula 0255 modelo 200 ou equivalente)

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:9UKY/SPMMH4IGYD6



Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

- empresas de economía social as que se recollen na Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social, sempre que cumpran o establecido no párrafo anterior.

c) Que a actividade empresarial teña o domicilio fiscal no Concello de Redondela e se exerza nun local comercial, específico e neste termo municipal.

d) Que o suxeito solicitante estea exento do Imposto de Actividades Económicas no exercicio fiscal de 2021, extremo que se comprobará a través do último padrón aprobado.

e) Que estea dado de alta no réxime da Seguridade Social ou na Mutua profesional correspondente e na Axencia Estatal da Administración Tributaria no momento da presentación da solicitude.

f) A persoa solicitante deberá achegar declaración responsable de se ten percibida ou solicitada outra axuda de natureza análoga polo mesmo concepto doutras administracións ou entidades de iniciativa social, de non ter incumpridas as obrigas por reintegro de subvencións e de non concorrer ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 apartado 2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

No caso de que a solicitude de subvención sexa solicitada polas comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica legalmente constituídas que leven a cabo as actividades empresariais estas deberán facer constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 desta lei.

En ningún caso poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas nesta convocatoria en quen se dea algunha das circunstancias que recolle o artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non poderán ser persoas beneficiarias destas axudas as comunidades de propietarios en réxime de propiedade horizontal, as administracións públicas e demais organismos do sector público.

Concederase unha única axuda por persoa física ou xurídica solicitante e por local comercial, salvo naqueles casos nos que se acredite que nun mesmo local se están a realizar actividades económicas/comerciais diferentes, por persoas físicas ou xurídicas diferentes.

Artigo 5.- Obrigas das persoas beneficiarias.

A concesión da axuda comporta as seguintes obrigas:

1. Seguir as directrices que marcan as bases da convocatoria e destinar o importe da axuda na súa integridade aos gastos admitidos nestas bases.



Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

2. Cooperar coa Administración en cantas actividades de inspección e verificación leven a cabo, para asegurar o correcto destino da axuda.
3. Someterse ás actuacións de comprobación e control que poidan realizar o Concello ou outros órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
4. Someterse ao control financeiro que poidan realizar o Concello ou a Deputación, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
5. Comunicar ao Concello de Redondela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza.
6. Comunicar ao Concello de Redondela calquera modificación das condicións tidas en conta para a obtención da axuda. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza.
7. Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
8. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
9. Gardar e custodiar durante cinco anos as facturas e documentos xustificativos orixinais que se presentan coma xustificantes deste subvención no caso de que na solicitude se presentaran copias ou escaneos das mesmas.
10. Os beneficiarios quedarán obrigados a publicitar esta axuda coa instalación do letreiro que se recolle no anexo II nun lugar visible no seu local comercial. O mesmo deberá estar exposto dende a concesión da subvención e polo período dun ano. O cartel incluírá os logos do Concello e da Diputación de Pontevedra para dar publicidade do financiamento.
11. Consentir o tratamento dos datos e a súa publicación.
12. Xustificar o cumprimento dos obxectivos, requisitos, condicións e finalidade subvencionada.
13. Permanecer en alta no réxime da Seguridade Social, por un mínimo de 12 meses dende a concesión desta subvención.

O Concello de Redondela poderá en calquera momento do procedemento do expediente administrativo da subvención solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.



Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

Artigo 6.- Documentación

6.1.- Presentación de solicitudes

De xeito presencial: As persoas interesadas poderán presentar a súa solicitude no modelo oficial, acompañada da documentación esixida e debidamente cuberta e asinada, no Rexistro Xeral do Concello de Redondela ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Neste caso poderá ser precisa a cita previa.

De xeito telemático: as persoas interesadas poderán presentar a súa solicitude por medios electrónicos a través da sede electrónica do Concello de Redondela, debendo proceder a súa sinatura a través dos mecanismos admitidos na sede electrónica (<https://redondela.sedelectronica.gal>). Este xeito será obrigatorio para aqueles solicitantes que non sexan persoas físicas.

A documentación presentada será a recollida no Anexo I a estas Bases.

Se os solicitantes non reuniran os requisitos esixidos nestas bases e convocatoria e no resto da normativa de aplicación, requiriráselle para que subsane as deficiencias en dez días, con indicación expresa de se non o fixese, teráselle por desistido na súa solicitude despois da correspondente Resolución, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

6.2.- Documentación acreditativa:

No caso das persoas físicas:

a). Solicitude segundo o modelo oficial, cuberto (Anexo I). No caso de presentar a solicitude por persoa diferente da persoa solicitante, deberá achegarse poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da persoa representada.

b). Fotocopia do DNI ou documento identificador, válido no territorio nacional, da persoa solicitante da subvención.

c). Certificado actualizado da situación censal que indique a actividade económica coa fecha de alta, o domicilio fiscal e do local do desenvolvemento da actividade.

d). Resolución ou certificación do alta no réxime especial de traballadores autónomos ou na mutua profesional correspondente.

e). No caso de xustificar esta axuda co aluguer do local, deberá presentarse contrato do arrendamento en vigor do local comercial onde se desenvolva a actividade ou documento asinado por arrendador e arrendatario que indiquen que o contrato esta en vigor.

f). Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social (TGSS) e fronte á Administración tributaria de Galicia (ATRIGA).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:9UKYSPMMH4IGYD6



Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

g). Documento expedido pola entidade financeira na que conste a conta bancaria na que se deba facer o ingreso do importe da axuda e cuxo titular sexa o mesmo solicitante.

h). Documentos que acrediten o gasto admitido para a xustificación desta axuda.

No caso das persoas xurídicas, sociedades civís, comunidades de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica:

a). Solicitud segundo o modelo oficial, debidamente cuberto (Anexo I). No caso de presentar a solicitude por persoa diferente da persoa solicitante, deberá achegarse poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da persoa representada.

b) NIF da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.

c). Certificado da situación censal da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens, ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica que indique a actividade económica coa data de alta, o domicilio fiscal e, no seu caso, o local de desenvolvemento da actividade.

d). Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude, no caso de non ser a mesma.

e). Fotocopia do DNI ou documento identificador, válido no territorio nacional, da persoa administradora e da persoa que presenta a solicitude, no caso de non ser a mesma.

f). No caso de xustificar esta axuda co aluguer do local, deberá presentarse contrato do arrendamento en vigor do local comercial onde se desenvolva a actividade ou documento asinado por arrendador e arrendatario que indiquen que o contrato esta en vigor.

g). Declaración responsable no que conste o número medio de traballadores no ano 2021, dende 1 de xaneiro de 2021 ata a data na que se presente a solicitude.

h) Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social (TGSS) e fronte á Administración tributaria de Galicia (ATRIGA).

i) Documento expedido pola entidade financeira na que conste a conta bancaria na que se deba facer o ingreso do importe da axuda e cuxo titular sexa o mesmo solicitante.

j) Alta no réxime da Seguridade Social correspondente da persoa administradora ou da persoa xurídica.

h) Documentos que acrediten o gasto admitido para a xustificación desta axuda.

6.3.- O Concello de Redondela xestionará de oficio o certificado de atoparse ao corrente coa facenda municipal. Así mesmo, no caso de que o autoricen as persoas solicitantes, o Concello de Redondela xestionará de oficio o certificado de situación censal.



Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

Artigo 7.- Prazo de solicitude

Estas bases e convocatoria publicaranse na páxina web do Concello de Redondela e no Boletín Oficial da Provincia.

O prazo de solicitude é de quince días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Artigo 8.- Concesión da subvención

O procedemento de outorgamento destas subvencións consistirá en dividir o importe do crédito global (85.176,50€) entre as persoas solicitantes que reúnan os requisitos establecidos na base cuarta, establecéndose como importe máximo de subvención a conceder 1.000 euros.

Artigo 9.- Réxime de concesión, instrución e resolución

9.1.- O procedemento de concesión destas axudas iniciarase a instancia da persoa interesada no tempo e forma indicados nestas bases.

A concesión das axudas realizarase de forma individualizada, previa valoración técnica do persoal do departamento dos Servizo de emprego do Concello de Redondela, con estrita suxeición a súas bases e á existencia da correspondente consignación orzamentaria.

9.2.- Corresponde ao Servizo de emprego facilitar a información, asesoramento e orientación ás persoas ou entidades interesadas no relacionado cos requisitos, documentación, contías... desta subvención; recibirán as solicitudes, realizarán a súa valoración técnica comprobando que o expediente se atope completo e de ter presentado a documentación necesaria. De acordo co establecido no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, para aquelas solicitudes que non estean correctamente cubertas ou non acheguen os documentos preceptivos, o Concello requirirá a persoa ou entidade interesada para que, nun prazo de dez días, emende as faltas ou remita os documentos preceptivos. De non facelo, considerarase que desistiu da súa petición e archivarase o expediente nos termos previstos na citada lei.

9.3.- A instrución do procedemento corresponderá ás axentes de emprego e desenvolvemento local do Concello, baixo a dirección de dona María del Carmen López Duarte, ou na súa ausencia a/o funcionaria/o que a Alcaldía propuxera, as cales realizarán de oficio cantas actuacións estimen necesarias para o coñecemento e comprobación dos datos, en virtude dos cales formularán proposta de resolución. Tamén serán as encargadas de requirir aos solicitantes a emenda das deficiencias.

Avaliadas as solicitudes polas instrutoras segundo os criterios, formas e prioridades establecidos nestas bases e convocatoria elevará as mesmas a unha comisión de valoración integrada pola Alcaldesa do Concello, D^a Digna Rosa Rivas Gómez, que actuará como Presidenta, outros dous concelleiros, D^a. Iria Vilaboa Álvarez e D^a María Castro Abad, actuando como suplentes D^a Olga Rodríguez Ballesteros e D^a. Alberto Álvarez Pérez, respectivamente, e dous



Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

traballadores do Concello que serán Raquel Iglesias Blas e María del Carmen López Duarte, que terá as funcións de secretaria, actuando neste caso como suplentes Manuela Docampo Pintos e María del Carmen Sánchez Vidal. No caso de ter que variar as persoas da comisión ou de nomear suplentes, designaranse por Resolución de Alcaldía. A comisión recollerá en acta a proposta da concesión da subvención.

As instructoras, trala acta da Comisión, formularán proposta de resolución debidamente motivada debendo expresar as persoas solicitantes para as que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectual. Xunto coa proposta, a persoa instrutora emitirá un informe no que se estableza que da información que consta no seu poder se desprende que as persoas beneficiarias cumpren con tódolos requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

Posteriormente, a proposta pasará á Intervención Municipal para que realice a fiscalización da mesma de acordo co Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A concesión das subvencións realizarase mediante resolución da Sra. Alcaldesa de acordo coas presentes bases e convocatoria. A resolución será publicada no taboleiro de edictos e notificada aos beneficiarios. O prazo para resolver o procedemento de concesión das subvencións será de seis meses contados a partir do día seguinte á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes para tomar parte na convocatoria.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes dende o día seguinte ao da súa notificación de acordo co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación, conforme aos artigos 8.1 y 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este se resolverá e notificará no prazo dun mes segundo establece o artigo 124.2 da citada Lei 39/2015, enténdendose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo co artigo 46.1 e 4 da Lei 29/1998.

O acordo de concesión non terá obrigatoriamente que distribuír a totalidade do crédito.

Transcorridos seis meses, a partires do día seguinte do remate do prazo de presentación das solicitudes, sen que os interesados obteñan resposta expresa, entenderase desestimada a petición.



Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

As axudas teñen carácter voluntario e polo tanto non existe a obriga de concesión a todas as solicitudes que se presenten. Non xerarán ningún dereito a obtención doutras subvencións en anos anteriores, e non se poderán alegar como precedente.

Artigo 10.- Prazo de notificación

O outorgamento das axudas notificarase con carácter individual ás persoas ou entidades de acordo co establecido nos artigos 40 e 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

Se no prazo de dez días as persoas ou entidades beneficiarias non manifestaran o contrario, entenderase que aceptan a subvención quedando suxeitas ás obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións.

Artigo 11.- Pago e xustificación da subvención.

A xustificación, que será obrigatoria para o libramento dos fondos por parte do Concello, suporá a acreditación do cumprimento do obxecto da axuda concedida. Coa xustificación deberase notificar o importe do resto dos fondos que financien os gastos subvencionados, así como a súa procedencia. No caso da obtención de subvencións ou axudas doutras Administracións ou organismos achegarase copia das facturas xustificativas das mesmas que deberán corresponder co período subvencionado pola devandita administración.

A xustificación, que será baixo a responsabilidade da persoa ou entidade declarante, farase coa presentación da documentación do mesmo xeito que o recollido no artigo 6.1 destas bases, dos formularios correspondentes, debidamente cubertos, que conterán a documentación xustificativa dos gastos realizados e a certificación das actividades realizadas coa finalidade para a que foi concedida a axuda.

No caso de que a xustificación se realice en papel, presentaranse facturas ou documentos orixinais ou compulsados directamente relacionados co obxecto da subvención, e, no seu caso, correspondentes ao período para o que esta foi concedida. No caso de que a persoa ou entidade beneficiaria xustifique a subvención mediante facturas ou documentos compulsados, deberá presentar as facturas e/ou documentos orixinais para que conste neles o carimbo do concello e no que se indique que estas foron utilizadas para xustificar unha axuda do Concello.

No caso de que a xustificación se faga por medios electrónicos, as facturas ou documentos xustificativos presentados serán escaneados dos orixinais. Deberán gardar relación co obxecto da subvención e correspondentes ao período para o que esta foi concedida.

As facturas deberán conter os seguintes datos:

1.- Emisión á persoa ou entidade beneficiaria con especificación do seu NIF ou CIF e enderezo fiscal.



Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

2.- Identificación completa do proveedor, especificando a súa denominación, NIF ou CIF e enderezo fiscal.

3.- Número de factura.

4.- Lugar e data da emisión da factura.

5.- Descrición suficiente da subministración realizada ou do servizo prestado, reflectindo as unidades obxecto do servizo ou subministración, cantidade e prezos unitarios de cada unha delas, contraprestación total, tipo tributario e cota do IVE.

6.- Período que corresponda.

7.- Xustificante do pagamento bancario: transferencia bancaria, talón bancario, domiciliación bancaria ou cargo en conta a través de tarxeta. Non se aceptan gastos pagados en efectivo.

Os documentos xustificativos corresponderán aos gastos correntes directamente relacionados coa actividade de cada unha das persoas beneficiarias, realizados durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 e ata data de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

- Factura/s e xustificante/s bancario/s de aluguer do local no que se exerza a actividade.
- Recibo de pago da cuota de autónomos.
- Factura/s e xustificante/s bancario/s do subministro de electricidade correspondentes ao local onde se exerza a actividade . No referente a este gasto terase en conta que a data de pago estea comprendida no período subvencionable.
- Recibo de pago e cargo bancario das Pólizas de seguros relacionados coa actividade do ano 2021.

Só serán gastos subvencionables os que respondan de xeito indubidable á natureza da axuda e se realicen no prazo establecido e que ademais estean efectivamente pagados con anterioridade á xustificación da subvención, salvo en casos de pagamentos a conta.

En ningún caso se admitirán como xustificantes de gastos as cantidades satisfeitas ao Concello de Redondela polo uso das instalacións nin como de calquera taxa ou prezo público satisfeito ao concello. Tampouco serán gastos xustificables os intereses debedores de contas bancarias, os intereses, recargos e sancións administrativas, os tributos que teñan carácter recuperable e os gastos de procedementos xudiciais.

Se as axudas doutras administracións públicas son superiores ás previstas ou declaradas polo beneficiario no momento da solicitude e fan que superen, xunto coa subvención destas bases, a contía total de gastos o importe da subvención verase reducida na cantidade que corresponda para que o gasto non sexa inferior ás axudas.

Vista a documentación xustificativa presentada, o órgano instrutor da base novena procederá á valoración de se, coa xustificación presentada por cada beneficiario, se cumpre coa finalidade básica da subvención. Posteriormente, de ser favorable a valoración, as xustificacións e a proposta que elaborará a concelleira de emprego a partir das devanditas valoracións se fiscalizarán pola Intervención Municipal.



Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

O importe xustificado será coma mínimo o importe da axuda. No caso de que a persoa ou entidade beneficiaria non xustifique a totalidade do gasto da subvención concedida realizárase o libramento dos fondos polo importe xustificado, sempre e cando se cumpran co resto dos requisitos destas bases.

Artigo 12.- Publicidade e Protección de datos do procedemento da concesión da subvención das bases.-

12.1 Procederáse á publicación na Base nacional de subvenciones da resolución da concesión destas bases. Así mesmo, publicarase na páxina web do Concello de Redondela e no Taboleiro Electrónico do Concello onde se recollerá a convocatoria, o crédito orzamentario, os beneficiarios, a cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención.

O seu contido terá carácter reservado, sendo de aplicación, en o referente ao dereito de acceso, de acordo co establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o acceso a o seu contido realizarase segundo os procedementos e con o ámbito establecido no artigo 20.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Cando haxan de publicarse datos persoais das persoas físicas beneficiarias, haberán de cumprirse en todo caso, os principios e a normativa de protección de datos, incluíndo a forma en que haberán de publicarse devanditos datos persoais identificadores do beneficiario.

Os datos persoais publicados serán exclusivamente os necesarios para o fin do tratamento.

Con todo, non se publicarán as subvencións ou axudas públicas concedidas a persoas físicas cando:

a) A información contida na BDNS ou o propio obxecto da convocatoria proporcione información ou datos especialmente protexidos dos beneficiarios ou relativos ás categorías especiais de datos relacionados nos artigos 9 e 10 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

b) A persoa física atópese nunha situación de protección especial que poida verse agravada coa cesión ou publicación dos seus datos persoais, en particular, cando sexa vítima de violencia de xénero ou doutras formas de violencia contra a muller.

Todo elo nos termos do artigo 7.5 do Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

12.2 Respecto dos datos de carácter persoal que se faciliten na participación da presente convocatoria, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na proposición e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento de subvención. A lexitimación do Concello para solicitarlle os datos deriva do exercicio dunha competencia propia e potestade pública: a concesión de subvencións.



Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigaón legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento, no caso de que o outorgara, en calquera momento, podendo exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico: dpd@redondela.gal.

Infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es)

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

Artigo 13.- Reintegro da subvención.-

As axudas concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación de subvención, que levará consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas.
- Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes nos casos sinalados nos artigos 36 e seguintes da Lei 9/2007, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

As cantidades devoltas terán carácter de dereito público.

Artigo 14.- Inspección e control.-

O Concello de Redondela, a través da Intervención Municipal, poderá realizar as comprobacións que estime oportunas respecto das actividades subvencionadas e terá acceso a toda a súa documentación xustificativa. Así mesmo, será de aplicación o Título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 15.- Infraccións e sancións.-

En canto ás infraccións e sancións, a estas bases aplícaselle o disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 28 da OMS.



Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

Artigo 16.- Réxime xurídico aplicable.-

Estas Bases e as subvencións que se concedan de acordo con elas efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable seguinte:

- 1.- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 2.- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 3.- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- 4.- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.
- 5.- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora de facendas locais.
- 6.- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 7.- Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- 8.- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Redondela.
- 9.- As bases de execución do orzamento do Concello de Redondela
- 10.- Demais normativa aplicable.

Estas axudas que se conceden estarán sometidas ao réxime de minimis, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013, de 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352 de 24 de decembro de 2013).

En ningún caso, as axudas poderán superar o importe máximo total de axuda de minimis, actualmente establecido en 200.000 euros durante un período de tres exercicios fiscais par unha mesma empresa, nin individualmente, nin como resultado da acumulación con outras axudas de minimis concedidas á mesma empresa, conforme establece o Regulamento (UE) N^o 1407/2013, da Comisión, ou con outro tipo de axudas suxeitas ás regras comunitarias de axudas do Estado.

Aos efectos do disposto no parágrafo anterior enténdese por “empresa” a efectos desta axuda calquera entidade que exerza unha actividade económica, con independencia da súa natureza xurídica e do seu xeito de financiamento.

No caso de resultar beneficiaria desta subvención e con posterioridade resultar beneficiaria doutra subvención incompatible coa mesma, poderase renunciar á subvención concedida no marco deste programa, reintegrando o importe percibido e aboando ademais os correspondentes xuros de demora xerados, tal e como se establece na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:9UKYVSPMMH4IGYD6



Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

ANEXO I**SOLICITUDE DE AXUDAS DIRIXIDAS AOS ESTABLECEMENTOS
AFECTADOS POLA SITUACIÓN PANDÉMICA COMO CONSECUENCIA
DOS EFECTOS DA COVID-19 CONCELLO DE REDONDELA****Datos da persoa ou entidade solicitante**

Nome e apelidos/Razón social	
Enderezo:	
DNI/CIF:	Teléfono:
Correo electrónico:	
Nome comercial do establecemento	
Dirección completa do establecemento	

A persoa ou entidade solicitante declara baixo a súa responsabilidade:

- Que acepta as bases da convocatoria e cumpre os requisitos esixidos por esta.
- A actividade desenvolvida pola empresa ou entidade que represento viuse afectada polo establecido na ORDE de 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e as súas posteriores modificacións, así como as que se poidan ditar ata o remate do prazo de presentación de solicitudes ao abeiro das presentes bases.
- Que a persoa solicitante reúne os requisitos regulados nas presentes bases en canto o obxecto da actividade e está exenta do pago do imposto de Actividades Económicas.
- Asumir o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
- Que manterá a alta no réxime da Seguridade Social, por un mínimo de 12 meses dende a concesión desta subvención.
- Que a persoa ou entidade se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social.
- Que a persoa ou entidade solicitante non se atopa incurso nalgunha das circunstancias que recolle o artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Que en cumprimento do artigo 25 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, non ter incumprida ningunha obriga por reintegro de subvencións.
- Que a persoa ou entidade solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:9UKY/SPMMH4IGYD6



Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

- Que, no caso de tratarse dunha comunidade de bens, cooperativas, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica, non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 de dita Lei.

Que aos efectos do artigo 11 se declara que os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, serán asumidos a partes iguais.

- Que no caso de ser unha persoa xurídica, que o número medio de traballadores no ano 2021 é ata dez.

- Que no caso de que a/s factura/s ou documento/s xustificativo/s sexan escaneos da documentación orixinal a cal deberei por a disposición do Concello se a require dentro do prazo de cinco anos dende a concesión da subvención.

- Que se cumpriron as obrigas de publicidade recollidas nas bases desta subvención coa colocación do letreiro que se recolle no seu anexo II.

- AUTORIZO ao órgano que xestione a subvención a recabar os datos que obren en poder da administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

AUTORIZO AO CONCELLO DE REDONDELA A OBTEN O CERTIFICADO DE SITUACIÓN CENSAL: SI NON
NO CASO DE RESPONDER NON, A PERSOA SOLICITANTE DEBERÁ ACHEGAR ESTE DOCUMENTO

SOLICITA a:

Concesión de axuda dentro da convocatoria regulada nas presentes bases do Concello de Redondela, de acordo co establecido no artigo oito das bases:

- Que para estes gastos:

Non se solicitou ningunha axuda.

Si se solicitou axudas:

ORGANISMO	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO



Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

DOCUMENTACIÓN
(A presentar con esta solicitude)

Documentación que se achega (marcar SI/NON)

No caso das persoas físicas:

_____ Fotocopia do DNI ou documento identificador, válido no territorio nacional, da persoa solicitante da subvención.

_____ No caso de non prestar autorización ao Concello de Redondela, certificado actualizado da situación censal que indique a actividade económica coa fecha de alta, o domicilio fiscal e do local do desenvolvemento da actividade.

_____ Resolución ou certificación do alta no réxime especial de traballadores autónomos ou na mutua profesional correspondente.

_____ No seu caso, contrato do arrendamento en vigor do local comercial onde se desenvolva a actividade ou documento asinado por arrendador e arrendatario que indiquen que o contrato esta en vigor.

_____ Documento expedido pola entidade financeira na que conste a conta bancaria na que se deba facer o ingreso do importe da axuda e cuxo titular sexa o mesmo solicitante.

_____ No caso de que a xustificación se realice en papel, facturas orixinais ou documentos orixinais compulsados. Se a persoa ou entidade beneficiaria xustifica a axuda mediante facturas ou documentos compulsados, deberá presentar as facturas e/ou documentos orixinais para que conste neles o carimbo do concello e no que se indique que estas foron utilizadas para xustificar unha axuda do Concello.

_____ No caso de que a xustificación se faga por medios electrónicos, as facturas ou documentos xustificativos presentados serán escaneados dos orixinais.

No caso das persoas xurídicas, sociedades civís, comunidades de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica:

_____ NIF da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.

_____ No caso de non prestar autorización ao Concello de Redondela, certificado da situación censal da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens, ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica que indique a actividade económica coa data de alta, o domicilio fiscal e, no seu caso, o local de desenvolvemento da actividade.

_____ Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude, no caso de non ser a mesma.

_____ Fotocopia do DNI ou documento identificador, válido no territorio nacional, da persoa administradora e da persoa que presenta a solicitude, no caso de non ser a mesma.

_____ Alta no réxime da Seguridade Social correspondente da persoa administradora.

_____ No seu caso, contrato do arrendamento en vigor do local comercial onde se desenvolva a actividade ou documento asinado por arrendador e arrendatario que indiquen que o contrato esta en vigor.



Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

_____ Documento expedido pola entidade financeira na que conste a conta bancaria na que se deba facer o ingreso do importe da axuda e cuxo titular sexa o mesmo solicitante.

_____ No caso de que a xustificación se realice en papel, facturas orixinais ou documentos orixinais compulsados. Se a persoa ou entidade beneficiaria xustifica a axuda mediante facturas ou documentos compulsados, deberá presentar as facturas e/ou documentos orixinais para que conste neles o carimbo do concello e no que se indique que estas foron utilizadas para xustificar unha axuda do Concello.

_____ No caso de que a xustificación se faga por medios electrónicos, as facturas ou documentos xustificativos presentados serán escaneados dos orixinais.

Redondela, de de 2021.

(Sinatura)

SRA. ALCALDESA - PRESIDENTA DO CONCELLO DE REDONDELA

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 99 do 23 de maio de 2008. Bases e convocatoria para a concesión de subvencións dirixidas ao mantemento dos sectores económicos polo COVID-19 do Concello de Redondela.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopan vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigaón legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento, no caso de que o outorgara, en calquera momento, podendo exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico: dpd@redondela.gal.

Infórmaselle do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es)

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:9UKYVSPMMH41GYD6



Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

ANEXO II MODELO DE CARTEL.



CONCELLO DE REDONDELA

 **DEPUTACIÓN**
PONTEVEDRA



PLAN CONCELLOS
2021

**ESTE LOCAL COMERCIAL É BENEFICIARIO DA AXUDA
DIRIXIDA AOS ESTABLECEMENTOS AFECTADOS POLA
SITUACIÓN PANDÉMICA COMO CONSECUENCIA DOS
EFECTOS DA COVID-19 CONCELLO DE REDONDELA**

Podemos verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:9UKY/SPMMH4IGYD6



Martes, 19 de outubro de 2021

Núm. 201

BASES Y CONVOCATORIA PARA LA CONCESIÓN DE AYUDAS DIRIGIDAS A LOS ESTABLECIMIENTOS AFECTADOS POLA SITUACIÓN PANDÉMICA COMO CONSECUENCIA DE LOS EFECTOS DE LA COVID-19 DEL AYUNTAMIENTO DE REDONDELA.

Artículo 1.- Definición

El artículo 25 de la Ley 7/85, de bases de régimen local, indica que el municipio, para la gestión de sus intereses y en el ámbito de sus competencias, podrá promover toda clase de actividades y prestar todos los servicios públicos que contribuyan a satisfacer las necesidades y aspiraciones de la comunidad de vecinos.

En sentido similar se recoge el artículo 80 de la Ley 5/97, de Administración Local de Galicia, que señala, entre otras, competencias en las siguientes materias:

- Abastos, mataderos, ferias, mercados y la defensa de usuarios y consumidores.
- La prestación de los servicios sociales y la promoción y reinserción sociales.
- Ocupación del tiempo libre y el turismo.
- La participación en la formación de activos y desempleados.

Por su parte el artículo 86 de la Ley 5/97, de Administración Local de Galicia contempla la posibilidad del ejercicio por parte del municipio de actividades complementarias de las propias de otras Administraciones Públicas y, en concreto, la de ocupación y lucha contra el paro.

